

Desexámosvos...

un bo
libro
e
unhas felices
vacacións.



Nadal 2008

DENDE A
BIBLIOTECA



PENSANDO
“**NESA**”
CARTA ...

...que tod@s pensades escribir ...



... o meu colega o rato e máis eu pensamos que nada como estas datas para desenvolver a vena literaria epistolar (pídetes un dicionario) e poñernos a escribir, e non precisamente tarxetas de felicitación, non. Desas cartas nas que pedides e pedides e pedides. Ao señor gordecho,

coma o rato, que viaxa sempre en zorra con renos, ao trío que prefire os camelos para viaxar, iso si, ningún deles ten problema co precio do gasoil, e tampouco contaminan. Coma xa vin que nos catálogos eses que vos viñeron repartir á saída do cole non ven un só libro, pois andivemos o rato e máis eu a voltas buscando os máis bonitos títulos para que os podades incluír na vosa carta (lembrade copialos ben, sen faltas, que sei que a algún/ha o ano pasado trouxéronlle un caderno de ortografía). Para que vos acompañen na casa, no autobús de camiño ao cole, para que os levedes á cama e durmades con eles, para ensinarllos ás/aos avós/as, para presumir deles cos/as amiguet@s, para levalos ao parque, para comer con eles, para soñar con eles.... Non, non falo dunha gatiña ou un rato (de peluxe, de trapo, de verdade), xa sabedes do que falo, non si?. E na Hora de Ler, podedes traelos a ensinar, a compartir. Pedide, pedide, que tal vez o goberno axude ao do traxe encarnado e ao trío real como fixo coa banca para que non noten a crise... pero tampouco vos pasedes, que hai que deixar para tod@s!!!!

2º CICLO PRIMARIA:

- Unha chea de familias-X.A.Neira- Galaxia:Mariña vive co seu pai nun edificio. Para amosarlle cantos tipos de familias hai, o pai decide visitar a tódol@s veciñ@s. A pesar das diferenzas, a nena comprende que hai algo no que todas son iguais.




- Pregunta á Dra.Peteiro sobre os bichiños- K.Llewellyn- Baía: Tamén os bichiños fan preguntas á Dr.Peteiro para resolver os seus problemíñas... non só sentimentais.



- Amancio Amigo e o meigo de Salamanca-X. Miranda-Xerais: Amancio, poeta do Caurel namorado da filla do cacique, estuda en Salamanca. Co seu amigo Ze decide facerse meigo. Para fuxir do Meigo, convertirase en moto, pero o Meigo o fará en motorista.É o inicio dunha longa serie de transformacións.

- La montaña parlante-Tea Stilton-Destino: Enviada especial do Eco del Roedor, Tea e o seu equipo de cinco ratiñas investigadoras, cada unha dun continente, enfrentaranse a un misterio que ameaza o fogar dunha delas, en Australia. Axúdalles a resolver as pistas e aprende unhas cantas cousas desta grande illa.



- Los lobos de la pared- N.Gaiman- Astiberri: Mestura de álbum ilustrado e cómic, Lucy avisa á familia de que hai lobos nas paredes. Non a cren e so coa axuda do seu porquiño de trapo logrará que non todo esté perdido cando os lobos saian das paredes da casa. Só que entón ... sorprendente final.



PEQUEN@S que aínda non veñen ao cole:

- Chispa na tina/Tatá na bañeira-P.Carreiro-A Nosa Terra: Varios títulos para "ler" na auga, con imaxes cheas de cor e situacións familiares.

E se @ pequerrech@ é forof@ da velocidade, do mesmo autor e editorial:


- Ambulancia/camión de bombeiros/camión do lixo/ coche de policía: Con rodas
- Este no es mi gatito-F.Watt-Usborne: Hai moitos gatiños, pero só un é o meu.Libro de texturas para ler, mirar e tocar

MAMASES,PAPASES,PROF@S e demáis adult@s:

- O xardín das pedras flotantes-M.Lourenzo G.-Xerais: Dende a Idade Media á actualidade, un extraño libro vai sementando morte entre quen o acolle, tecendo unha intrincada rede de heranzas que chega ata o tenro e fantástico amor de Simón e Anabel, apenas adolescentes, que non serán alleos á maldición.



- O club da calceta-Mª Reimóndez-Xerais: Entre as actividades dunha sociedade, están as clases de calceta que imparte Tía Lavinia.Seis mulleres totalmente diferentes,con diferentes expectativas e visións da vida, compartirán as súas historias, tomando conciencia da súa propia existencia e da necesidade de superar os atrancos que unha sociedade aínda machista lles pon no camiño. Relatada con tenrura e doses de humor, non hai estamento que quede por tocar.



- El gato del kimono-N.Peña-Dib-buks: Banda deseñada en branco e negro, fascinante mestura de soño e realidade que parte dunha illa xaponesa, pasando por Gran Bretaña, dende a bellísima moza oriental ata a misteriosa dama de Hyde Park ... seguindo a un gato negro que fuxe dun kimono.

